



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA VINTE DE XULLO DE 2011.

PRESIDENTE

Excmo. Sr. D. Leopoldo Rubido Ramonde

CONCELLEIROS

Don Alfredo Vilela Santalla
Don Luis Rubido Ramonde
Don Pablo Luis Nebril López
Don Juan Carlos Romero Beceiro

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona M^a Cristina Varela García

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

TÉCNICOS MUNICIPAIS:

Dona M^a Belén Lamas Pardo
Don Agustín Martínez Docanto

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás trece horas e dezanove minutos do día vinte de xuño de dous mil once, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretaria a titular da Corporación dona M^a Cristina Varela García, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DO 13.07.2011

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F. a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada na data 13.07.2011, e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres. Concelleiros.

2.- APROBACIÓN PADRÓN DO LIXO 2010

Vista a proposta de alcaldía de data 19.07.2011, que literalmente di:

“No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 295 do 24 de decembro de 2007, publicouse a ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos.

Resoltas a gran parte das reclamacións presentadas contra os recibos do padrón de lixo do 2008 e 2009, resulta un padrón máis axustado a realidade, sen perxucio de novas rectificacións que procedan.



A competencia para a aprobación do presente Padrón corresponde á Xunta de Goberno, por delegación da Alcaldía mediante decreto 467, de data 20 de xuño de 2011.

Por todo elo, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do Padron da Taxa de recollida de lixo para o exercicio 2010 por un total de 5.489 recibos e un importe de 329.901,18 euros.

SEGUNDO.- Publicar o acordo no BOP e proceder e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- A aprobación do Padron da Taxa de recollida de lixo para o exercicio 2010 por un total de 5.489 recibos e un importe de 329.901,18 euros.

Segundo- Publicar o acordo no BOP e proceder e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións.

3.- LICENCIAS URBANÍSTICAS

3.1. OBRAS MENORES



t

4.- APROBACIÓN DE FACTURAS

Examinada a proposta da Tesourería Municipal de aprobación de facturas e gastos, elaborada de acordo co ordeado por esta Alcaldía, así como os xustificantes dos mesmos que a acompañan, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal con respecto a mesma; en uso das atribucións que me confire o Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a anterior, as Bases de Execución do vixente Orzamento Municipal e demais disposicións de aplicación.

Tendo en conta a Proposta de Alcaldía de data 19.07.2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, cando non foran autorizados e/ou dispostos con anterioridade, recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:



NºReg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
453	CORREOS Y TELEGRAFOS. Fra 4000729851	2011.0.920.0.22201	1.080,32 €
477	GRAFICA DE ASTURIAS, S.L.. Fra. 841/11 750 sobres blancos	2011.0.920.0.22000	101,21 €
478	SOGAMA. Fra. 2011/1405 Tratamento R.U. Mayo 2011	2011.0.162.0.22700	12.762,92 €
503	GRAFICA DE ASTURIAS, S.L.. Fra. 857/11 Sobres, saludas, cajas archivo..	2011.0.920.0.22000	271,01 €
506	CELTAPRIX SL. Fra.315-11 Recogida y transp. RSU junio 2011	2011.0.162.0.22700	33.054,15 €
559	ZAERA IGLESIAS, Fco. Jose. Fra. 00017 Trofeos e grabacions en cristas a laser	2011.0.341.0.22707	200,01 €
570	ASCENSORES ENOR, S.A.. Fra. 556.848/11 Conserv.R/Convento 3T	2011.0.920.0.21300	597,06 €
573	SOGAMA. Fra. 2011/1638 Tratamento R.U Junio 2011	2011.0.162.0.22700	13.028,82 €
574	BADULAQUE R.V.SC. Fra. FF-9948/11 Recepcion regata Rias Altas 80	2011.0.912.0.22601	1.040,00 €
582	FORNECEMENTOS GALEGOS SA. Fra. 95004237/11 Arrendamento equipos xuño	2011.0.920.0.20601	461,40 €
583	CORREOS Y TELEGRAFOS. Fra. 4000745048/11 Franqueo pagado xuño	2011.0.920.0.22201	961,99 €
584	BOUZA CANEIRO, Susana. Fra. 06/2011 Canon cafeteria. Xuño	2011.0.231.0.22709	1.017,24 €
	COSTA NOROESTE ASOCIACION. Achega proporcional de cofinanciamento do Concello de Cedeira ao Grupo Desenvolvemento Rural Costa Noroeste.	2011.0.912.0.48900	2.650,22 €
Total:			67.226,35 €

5.- ESCRITOS VARIOS

5.1.- SOLICITUDE DE VAO PERMANENTE

Vista a solicitude de vao permanente presentada por D. (rex entrada 4166/07.07.2011) para a entrada de vehículos na Avda - Cedeira.

Visto informe da Policía Local de data 12/07/2011.

Visto o informe técnico de data 13/07/2011.

Tendo en conta a documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Conceder o vao permanente solicitado por D. , para entrada de vehículos nun baixo na .

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesouraría municipais, aos efectos oportunos.

5.2.- SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DUN TRANSFORMADOR



Visto o escrito presentado por D. Ángel Manzanal Terrón, do 04.07.2011 (rex. de entrada nº 4067), no que solicita que o Concello instale ou custee un transformador necesario para a posta en marcha dos contadores individuais da compañía eléctrica do edificio sito n R/ da Area nº 68.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal o 18.07.2011:

"(...) Las instalaciones complementarias que en su caso sean necesarias para dotar de suministro eléctrico al edificio, dentro del ámbito y competencia privados deberán ser gestionadas por las partes, contratante y suministrador.

No es por tanto competencia de este Ayuntamiento la instalación de equipos ni el abono del coste de las instalaciones para el suministro eléctrico del edificio."

Tendo en conta a documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Denegar o solicitado por D. Ángel Manzanal Terrón, polos motivos expostos no informe do Arquitecto Técnico Municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás ____ horas e ____ minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.